

O PROGRAMA DE FP DUAL ADAPTADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Xornada de Presentación e Intercambio

29 de novembro 2024, de 10:00 a 12:30

Nigrán - Centro de negocios de Porto do Molle

OBXECTIVOS

Presentar e promover os **9 itinerarios de Formación Profesional Dual Adaptada** para persoas con discapacidade intelectual nos sectores do **comercio**, da **hostelería**, da **xardinería**, da **xestión forestal** e da **limpeza**, que se están a desenvolver co apoio da **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia**. Actualmente participan no Programa **6 centros especiais de emprego** de Galicia.

O evento será unha oportunidade de **encontro entre os equipos de profesionais e aprendices** que están a participar no Programa, para reforzar lazos e favorecer a colaboración e o intercambio de coñecementos.

No cadro da xornada presentaranse tamén os resultados do **proxecto europeo "DUAL-Ad"** (<https://dual-ad.eu/>), que ten a finalidade de transferir a metodoloxía da FP Dual Adaptada a outras rexións europeas.

CONTACTO E INFORMACIÓN

- Correo electrónico: inred@inred.gal
- Teléfono: **625 79 99 78**





With the support of the
Erasmus+ Programme
of the European Union



PROGRAMA

10:00: Presentación da Xornada - **IN-RED.**

10:15: Saúdo de **Juan González Pérez**, Alcalde do Concello de Nigrán.

Proxección do video promocional dos itinerarios de FP Dual Adaptada.

10:40: Experiencias da FP Dual Adaptada en Galicia.

Escoitaremos testemuñas de **aprendices, persoal formador e de apoio** dos centros especiais de emprego CEE ASPABER S.L. (Carballo), FUNDACIÓN JUAN XXIII (Pontevedra), JUAN MARÍA SIN ETIQUETAS S.L. (Nigrán), LUME ACEESCA S.L. (O Porriño), SERVINSERTA S.L. (Boiro), XEREMPREGA-SAN JERÓNIMO EMILIANI S.L. (A Guarda).

11:50: O proxecto “DUAL-Ad”: a FP Dual Adaptada para Europa.

Presentación do proxecto a cargo de **Domenico Tinelli**, Director-Xerente de IN-RED.

12:10: Intervención de **Marta Mariño Regueiro**, Directora Xeral de Traballo autónomo e Economía Social - Xunta de Galicia.

12:30: Peche da xornada.

12:45: Traslado ao Parque comercial NASAS para visitar a tenda de JUAN MARÍA SIN ETIQUETAS, xestionada polos/as aprendices do itinerario de FP Dual Adaptada de “Auxiliares de comercio”

Petiscos e networking.

